

OS HEROES DA NARRATIVA DE RAMÓN OTERO PEDRAYO OU O NECESARIO COMPROMISO CO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN NACIONAL

Carme Fernández Pérez-Sanjulián (UDC)

Introdución: Aspectos metateóricos.

Á hora de redixirmos este traballo, partimos da base de que os procesos de constitución de nacións emerxentes, coas conseguíntes autonomizacións dos discursos ideolóxicos que lles son inherentes, son substancialmente semellantes, en canto proceso, en todos os contextos, por máis que as situacións particulares logo establezan as individualizacións e caracterizacións correspondentes.

Este é un punto de partida central, pois, coidamos, que é a causa última que nos permite achar unha explicación para a enorme serie de coincidencias que atopamos entre os procesos de construción nacional que se teñen desenvolvido durante o século XIX en América, nos últimos anos do XIX e no principio do XX en Europa ou, moito máis recentemente, a partir dos procesos de descolonización, en África ou noutros puntos do planeta, sendo este un fenómeno que, en certos contextos, podemos estudar hoxe nun estadio de pleno desenvolvemento.

Dada a cantidade de estudos literarios, históricos e culturais que nos últimos anos teñen analizado a evolución deste proceso no continente americano, especialmente no mundo latino-americano, partiremos de certas premisas

establecidas polos autores deses traballos para ver se poden servir para explicar os acontecementos literarios que se produciron na Galiza de comezos de século, daquela etapa definida como o Segundo Renacemento das nosas letras (Carvalho Calero 1934; Rodríguez Sánchez 1996).

A través de numerosos ensaios publicados nos últimos anos, tense asentado a afirmación de que os escritores latino-americanos foron os pioneiros da utilización da ficción con carácter fundacional, pois desenvolveron unha serie de temas, así como unha teorización sobre o seu propio discurso, antes que na maior parte de Europa¹.

De explorarmos a situación de América durante o século XIX, constataremos que alí romance (novela) e república mantiveron unha estreita conexión, a través de proxectos de construción nacional explicados por medio de textos ficcionais² que estaban redixidos por escritores que eran, á vez, homes de estado (Sommer 1991: 7); como xa se dixo, a través destas novelas o público lector podía ler as proxeccións ideais do que eran proxectos reais.

El rastreo de “formaciones” nacionales a partir de la literatura puede resultar de interés en la medida en que muchos rasgos de la llamada “identidad” hispanoamericana tienen un origen en la ficción. En efecto, ¿cuántos rasgos de la identidad no se han cristalizado alrededor de una “imagen”, cuando no de un “estereotipo”, gracias a la narrativa? (Aínsa 1986: 127)³

Desde hai tempo a crítica, ao analizar a produción literaria decimonónica en Ibero-América, ten establecido que o tema da identidade é o eixo substantivo do discurso literario latino-americano do século XIX⁴. Revisarmos o seu discurso pode colaborar a orientar a análise do propio proceso galego.

Así, durante o século XIX, a literatura desempeña unha función moi importante en Latino-América: a de elaborar unha estética dotada dunha función política clara, a de dilucidar os eixos a través dos cales unha sociedade se

converte nunha nación⁵. De acordo con isto, tense englobado baixo a epígrafe de *literatura fundacional* aquel tipo de escrita orientada a definir, proclamar e divulgar as formas da identidade nacional. A literatura fundacional nace da consciencia, por parte dos intelectuais, da necesariedade de autonomización do discurso literario, proceso que discorre en paralelo co de autonomización política, pois, obviamente, naquel contexto decimonónico americano, resultaba imposible ter unha vida nacional sen posuír unha literatura propia, asentada en referentes culturais non foráneos.

De termos en conta que esta literatura vai tomar como molde formal, sobre todo, o xénero narrativo⁶, comprenderemos por que a maior parte dos estudos sobre este período literario en América se teñen centrado na análise das novelas, dando lugar á definición dun novo concepto que, como posteriormente se verá, semella de grande rendibilidade crítica para a literatura galega. Este concepto non é outro que o de *novela fundacional*.

Mais, chegados a este punto, resulta moi pertinente formular a seguinte pregunta: Por que a novela foi considerada un método tan eficaz para estender as ideas fundacionais?

Unha resposta plausible é que a novela, como xénero compósito que é, permite presentar moitos materiais diferentes: descrición de mentiras, paixóns, vicios ou virtudes, explicar versións popularizadas de teorías científicas, sociais ou políticas; permite describir situacións históricas ou falar de novas realidades, permite tanto describir a vida diaria como paisaxes exóticas.... e, así, os lectores e lectoras, nun proceso de identificación coas personaxes, vense arrebatados, empurrados a desexaren o mesmo que elas e a partillaren as súas teorías e visión da realidade (Benítez-Rojo 1996: 419).

A complexidade histórica, moitas veces simplificada ou explicitada de xeito maniqueo no discurso político, histórico ou ensaístico, aparece mellor reflectida na mímese do discurso narrativo. A literatura tolera as contradicións, a riqueza e a polivalencia en que se traduce a complexidade social e psicolóxica dos pobos e individuos, o que non

sempre acontece no ensaio histórico, en xeral máis dependente do modelo teórico e ideolóxico a que aparece referido (Aínsa 1997: 113).

As novelas elaboradas segundo este esquema favorecen, xa que logo, a construción dun imaxinario colectivo descritivo da sociedade nacional con todos os seus estratos constituíntes; de feito, cumpren a función de reseñar e explicar características, problemas, costumes, etc. dos diferentes grupos sociais para que poidan ser entendidos polo lector pertencente, normalmente, ao grupo burgués medio.

As novelas fundacionais non teñen un tema común pois a variedade de contextos históricos e políticos en que se desenvolven vai condicionar o proxecto de construción nacional que as novelas defenden. Mais, en certo sentido, tomando prestada a expresión de Doris Sommer, todas elas comparten, por así o dicir, unha particular “clase de intimidade” (Sommer 1991: 24); lidas por separado, as ficcións fundacionais son moi diferentes e podería ser inclusivemente difícil establecer o que estes textos teñen de coincidente; porén, lidas de xeito conxunto, amosan interesantes e salientábeis puntos de contacto tanto na trama coma na linguaxe, pois

The coherence comes from their common project to build through reconciliations and amalgamations of national constituencies cast as lovers destined to desire each other. This produces a surprisingly consistent narrative form that is apparently adequate to a range of political positions (Sommer 1991: 24).

Estas novelas tratan de crear nos lectores a sensación de vínculo entre eles mesmos, o autor e as personaxes, configurando así un *nós* imaxinario que se refire aos compatriotas oriundos da nación. Esta comunidade de connacionais é, na terminoloxía de Anderson, a “comunidade imaxinada” (Anderson 1993); imaxinada porque ningún membro dela pode chegar a coñecer todos os demais, de xeito que os seus límites son só conceptuais (ou sexa, representados idealmente por cada un dos

Os heroes da narrativa de Ramón O. P. ou o necesario compromiso co proxecto de construción nacional

membros da comunidade). Ao deseñarmos esas fronteiras imaxinadas da comunidade, fican inmediatamente sinalados quen pertence á mesma e quen non, fica claro quen está incluído nese *nós* e quen fica fóra del⁷.

Así, a novela fundacional estará orientada a facerlle tomar conciencia identitaria ao público lector e/ou a despertar a súa vontade de se constituír en nación, incluíndose dentro do proceso xeral de conformación dos referentes nacionalitarios que os seus autores procuran⁸.

En concreto, podemos afirmar que son dous os grandes núcleos temáticos protagonistas destas novelas: o tema histórico, entendido este nun sentido moi amplo, e o desenvolvemento de certos ideoloxemas que funcionan como proxeccións do discurso político identitario; estes son os que imos denominar *ideoloxemas nacionalitarios*.

Un destes ideoloxemas vai presentar un protagonismo especial dentro da novela fundacional, tal e como foi sinalado por Doris Sommer ao analizar a narrativa americana decimonónica: é a utilización das relacións sentimentais e familiares como alegorías da idea da construción nacional. Para esta autora, o canon da literatura latino-americana do século XIX establécese por e a partir da tensión entre amor e patriotismo (conxugando sentimento e razón, paixón e produtividade), pois o selo distintivo das primeiras novelas latino-americanas é a identificación entre unha historia romántica e o destino da nación:

Romantic novels go hand in hand with patriotic history in Latin America. The books fueled a desire for domestic happiness that runs over into dreams of national prosperity; and nation-building projects invested private passions with public purpose (Sommer 1991: 7).

No seu tan citado e influente capítulo “Irresistible romance” explica como as ideas políticas foron expostas a partir de historias, na aparencia, exclusivamente sentimentais (historias de amores difíceis e/ou imposíbeis, problemas familiares, etc); deste xeito, existiría un grande número de

novelas “clásicas” que elaborarían proxectos de conciliación nacional a través das arelas de amantes que intentan superar as tradicionais fronteiras de raza e rexión. Tamén a familia foi unha forma ideal para a construción literaria das nacións porque, de xeito metonímico, reunía as ideas de amor e produtividade, xa que a conxunción destes dous principios debía producir cidadáns e xerar civilización.

Aliás, identificándose cos heroes e heroínas, o público lector veríase movido a imaxinar o diálogo entre sectores nacionais (facendeiros e escravos, habitantes de cidades e do mundo rural, nobreza crioula e burguesía ascendente...) para faceren convenientes casamentos ou, ao menos, para se situaren dentro deste imaxinario ideal, asumido como racional e construtivo.

Nestas ficcións a paixón erótica non aparece deseñada como o exceso socialmente corrosivo doutras novelas (nomeadamente das europeas coetáneas), senón como o elemento que permite enlazar constituíntes sociais heterodoxos: rexións competitivas, intereses económicos, grupos relixiosos ou raciais. Independentemente de que as tramas terminen felizmente ou non, as novelas tratan invariabelmente do desexo e da paixón entre uns novos e castos heroes e unhas, igualmente, castas e mozas heroínas; os intereses eróticos nestas novelas deben a súa intensidade ás prohibicións contra a unión dos amantes debidas ás normas raciais ou aos preconceitos rexionais, e, así, obviamente, as conciliacións políticas son urxentes porque os amantes desexan o tipo de Estado que pode permitir a súa unión. Ademais, cómpre non esquecer que, cando nunha grande parte desta novelas asistimos ao casamento final, o que se nos está a presentar, pola vía da metonimia, é a idea da consolidación nacional.

Para alén destas explicitacións do proxecto fundacional vehiculizadas a través das relacións sentimentais, nestas novelas posúen un valor esencial outros motivos temáticos que, por estaren orientados, tamén, nesa liña de afirmación da identidade, podemos incluír baixo o rótulo de *ideoloxemas nacionalitarios*.

Os heroes da narrativa de Ramón O. P. ou o necesario compromiso co proxecto de construción nacional

O discurso narrativo incorpora unha serie de elementos temáticos por medio dos cales se expoñen ou se explican, de maneira, teoricamente, máis doada para un público amplo, certos aspectos básicos do proxecto de construción nacional. Así, temas como a representación e valor simbólico da terra e a paisaxe, o deseño dunha determinada tipoloxía de heroes-protagonistas, a presentación recorrente de certos temas, etc., todos eles van estar dotados dunha sobredeterminación ideolóxica ligada ao proxecto nacionalista que sustenta a obra dos seus autores.

Nestas novelas, os autores aspiran á conceptualización do referente identitario e, á vez, á configuración daquel “nós” imaxinario de que xa se falou. Dito doutro modo, con estas obras procúrase a definición (e implícita afirmación) da comunidade a quen se dirixe o discurso. En certo sentido, poderíase afirmar que estas novelas son, en parte, versións ficcionalizadas, exemplificacións das teorizacións políticas que, noutros niveis e a través doutros xéneros e medios, estes mesmos autores están a desenvolver.

En consecuencia, desde este cadro teórico, imos ver unha aplicación práctica a partir da análise dos daqueles ideoloxemas nacionalitarios que son activados na narrativa de Ramón Otero Pedrayo. Estudaremos neste traballo como diseña o autor as figuras dos seus heroes protagonistas así como o discurso subxacente que Otero proxecta a través deles, un discurso claramente fundacional, como corresponde a un autor que concibe toda a súa produción literaria como unha pequena parte do proceso global de configuración da conciencia identitaria que se desenvolve na Galiza do primeiro terzo do século XX.

A formación do heroee: a novela de Otero Pedrayo como *Bildungsroman*

Ramón Otero Pedrayo exemplifica as súas teses nun tipo moi determinado de *heroee-modelo* que aparece repetidamente definido por medio das personaxes

masculinas que protagonizan a súa narrativa. Nas obras de Otero achamos os Adrián Solobio ou Solovio, Xacobe Vilasantar, Paio Soutelo (ou seu tío Adrián), Martiño Dumbría ou Pauliños Fontela, uns seres de ficción moi semellantes entre si, concibidos como personificacións do discurso ideolóxico do autor.

Otero configura unha personaxe-tipo claramente definida. Os heroes protagonistas da súa narrativa presentan trazos precisos: todos eles aparecen representados como seres moi conscientes da importancia que ten nas súas vidas a formación, unha rigorosa preparación intelectual combinada co cultivo da sensibilidade e da reflexión. Todos, en maior ou menor medida, son individuos sabedores de se sentiren diferentes porque viven a súa existencia de xeito problemático, non banal, e precisan dun tempo vital de procura para achar o seu lugar no mundo, a súa identidade ou os seus intereses; son, usando a expresión de S. Suleiman, almas que van polo mundo para se coñeceren (Suleiman 1979).

De feito, poderíase realizar o esquema do percurso iniciático de cada unha das personaxes-heroes de Otero Pedrayo da ignorancia de si ao coñecemento de si (aplicando o esquema de Villegas 1976). Neste sentido, resulta evidente que unha grande parte do *corpus*⁹ narrativo oteriano está caracterizado por presentar o tema da educación ou da formación focado desde o punto de vista do desenvolvemento da persoa do heroe, sendo esta a característica esencial do xénero tradicionalmente denominado *Bildungsroman*¹⁰.

Nas obras oterianas ese proceso de autoconhecimento culmina na asunción dun compromiso con Galiza, de orientación protonacionalista ou xa directamente nacionalista, por parte dos seus protagonistas, converténdose esa paulatina toma de conciencia¹¹ nun claro recurso didáctico que Otero usa para fixar nos seus lectores os elementos chave da ideoloxía que o propio autor propugna na altura. É, xustamente, esa utilización didáctica do motivo literario da formación do heroe un trazo común coas novelas pertencentes a contextos culturais emerxentes ou fundacionais¹² converténdose, polo tanto, nunha

Os heroes da narrativa de Ramón O. P. ou o necesario compromiso co proxecto de construción nacional

característica máis que permite aplicar á narrativa de Otero este cualificativo de fundacional.

Volvendo aos protagonistas masculinos, aqueles individuos complexos son o produto dunha coidadosa formación que, iniciada no lar polas mulleres da familia, é completada logo fóra do espazo materno, fundamentalmente, a través do ensino e das viaxes, recibindo nesta etapa a influencia de figuras masculinas en exercicio da función de educadores¹³.

O que o narrador propón para estes heroes é unha formación integral onde o mozo protagonista debe completar non só os coñecementos académicos necesarios para o seu posterior decurso vital (como médico ou ensinante, por exemplo), senón que tamén debe adquirir consciencia da súa identidade (persoal e colectiva), asumindo finalmente un necesario compromiso co seu contorno¹⁴.

A través do seu discurso narrativo, Otero Pedrayo alerta, con didáctica clareza, sobre a perentoria necesidade de cultura e formación do grupo social, na teoría, chamado a ser a clase dirixente do país.

Esta cuestión fica posta en evidencia xa n' *Os camiños da vida*, mediante a exposición do contraste entre a nula formación recibida polos fillos (nomeadamente, polo morgado) da casa dos Doncos¹⁵ e o proxecto educativo que, desde ben cedo, deseñan para o seu herdeiro Dona Ramona e mais D. Adrián¹⁶ (quen, no fondo, considera que o seu fracaso vital tivo moito a ver con non se ter dedicado a nengunha actividade concreta¹⁷).

De maneira moi singular, Dona Ramona demostra ter unha clara percepción da necesidade que ten o seu grupo de recuperar o liderato na sociedade. Ela, que nunca saíu do pazo e que só posúe a instrución básica fornecida pola nai ou as tías, coida que a nova posición de preeminencia social vai estar directamente relacionada, non tanto co poder dos cartos, mais coa posesión dos coñecementos e da cultura. Deste xeito, Dona Ramona conduce os esforzos do grupo familiar a fin de que o sobriño chegue a adquirir:

Unha posición e un saber qu'ela non entendía sinón como algo diferente e superior ô cativo conceuto do vivir que tiñan os fidalgos e señoritos de Trasouto e de toda a redondeza das parroquias do seu espallado horizonte (OE: 80).

Para Otero, a educación é esencial de cara á consecución dun futuro mellor, tanto no plano persoal como no colectivo e, así, de maneira reiterada ao longo de toda a súa obra, vai propor para os seus protagonistas un modelo educativo concibido desde unha óptica liberal: o valor do coñecemento e da curiosidade intelectual como chaves para entenderen o mundo, a tolerancia e a solidariedade, a necesidade de viaxaren ao estranxeiro (lembramos, nun momento onde as viaxes e a difusión das novidades eran moito máis limitadas que na actualidade), etc.

A importancia da formación intelectual, nomeadamente dunha formación universitaria en que, ademais, se prestase unha atención especial ao estudo da Galiza e ás disciplinas máis directamente relacionadas coa súa historia, cultura, etc. é un elemento fundamental para Otero que podemos rastrexar tanto na descrición que fai da formación deses heroes ideais como nos seus textos de tipo ensaístico¹⁸.

O autor subliña tamén a importancia doutro tipo de institucións ou actividades con que tanto el como o grupo galeguista esperan poder chegar a encher o baleiro formativo existente na Galiza (como o *Seminario de Estudos Galegos*, por exemplo) e ser quen de formaren esa nova elite¹⁹ dirixente, coñecedora e comprometida coa realidade do seu país e disposta a traballar polo seu futuro, que Otero esboza nas personaxes de Martiño Dumbria e Pauliños Fontela que aparecen en *Devalar*²⁰. Neste sentido, resulta pertinente lembrar as palabras de R. Carvalho Calero sobre esta novela:

[...] eu tenho sempre indicado que os que trabalhamos no Seminário de Estudos Galegos achamo-nos representados por duas figuras desta obra: Martinho Dumbria e Paulinhos Fontela, que som rapazes criados pola imaginação de Otero, que em certo modo nos

Os heroes da narrativa de Ramón O. P. ou o necesario compromiso co proxecto de construción nacional

idealizam a nós mesmos; o que teríamos querido ser era aquilo, dous rapazes que, cultivando diversas disciplinas, chegan a libertar-se da còdea imposta por umha educaçom exotizante, e a consagrarse ao seu país (Carvalho 1990: 194-195).

Así pois, recollendo a parte final do texto de Carvalho, podemos concluír que a necesidade dunha formación entendida desde presupostos liberais (cfr os principios e valores que D. Adrián transmite ao sobriño ou tamén Xacobe Vilasantar ao seu), con consciencia da existencia do país e da súa cultura e, ao tempo, aberta ao mundo exterior e á integración das experiencias obtidas no estranxeiro (cfr as experiencias cosmopolitas de D. Adrián Soutelo, Xacobe Vilasantar e as máis demoradamente descritas aínda de Adrián Solovio), é un dos eixos ideolóxicos que o autor presenta unha e outra vez entre as liñas do seu discurso.

A demorada descrición dos percursos formativos dos heroes oterianos (coa relevancia que dentro destes ten o tema das viaxes iniciático-formativas²¹) e, xa que logo, a explicitación do proceso de conformación da personalidade-ideoloxía nestes, ten a ver coa importancia que o autor concede, metonimicamente, á expansión dese mesmo proceso educativo ao conxunto da sociedade ou, polo menos, ao sector que pode ter acceso a ela. O seu é un discurso nacional organizador, directamente dirixido a esa elite social que podería conducir e impulsar o desenvolvemento da nación²².

A fidalguía como motor da nación (“fidalguía ideal”)

Como xa se foi vendo ao longo das páxinas anteriores, os heroes-modelo que Otero presenta en moitas das súas novelas son personaxes con numerosos trazos coincidentes: homes²³, cultos, inquietos, sensíbeis e, case sempre novos e de extracción fidalga.

Detentadores dunha función eminentemente pedagóxica, os modelos que Otero escolle para seren convertidos en referentes de liderato²⁴ para o conxunto da

sociedade galega son, practicamente sen excepción, membros da fidalguía²⁵. Unha fidalguía fortemente idealizada, e literaturizada, no que semella máis a presentación da elite intelectual a quen se dirixía o discurso²⁶ que da propia clase social, na altura, en franco e definitivo declinio.

A presentación antitética dos tipos de fidalgos, correspondentes co modelo histórico que foi o habitual, a que ten sido definida como “fidalguía real”: os Doncos, o Marqués de Portocelos, o pai dos Vilasantar, o fidalgo do Pombeiro, D. Xohán (o protagonista do conto “O fidalgo”), fronte aos que a crítica tradicionalmente ten agrupado baixo a denominación de “fidalguía ideal”: a familia dos Soutelo e tamén D^a Ramona Puga, D. Adrián e D. Bernaldo Solovio, Rosende e Xacobe Vilasantar e o seu sobriño, D. Lionardo (do conto “A sirena”)...²⁷ é un aspecto que ten sido abundantamente desenvolvido pola crítica²⁸.

Hernán Vidal analizou como a literatura do romantismo americano, proxección da sensibilidade e vontade da burguesía liberal daqueles países, pretendeu “crear en la población de los países recién independizados de España una mentalidad apropiada para la consolidación de naciones nuevas y soberanas” (Vidal 1976: 29). Así, o que el chama “americanismo literario”, procurou interpelar e colocar o suxeito americano dentro das coordenadas políticas do proxecto liberal. Neste proceso, o escritor romántico propoñíase ser o “conductor espiritual” dun pobo²⁹ (un pobo entendido como unha especie de *corpo-neno*, se atendermos á metonimia subliminal que propón Beverly³⁰) carente de conciencia de seu e dunha vontade propia emancipadora e construtiva:

El héroe épico-romántico – el Adán moderno que actualiza la utopía liberal en su propia persona y actuación – resulta, sin embargo, un héroe clasista. Como héroe liberal, es un hombre democrático; pero su función como “ser superior” implica paradójicamente la pasividad de las masas humanas que le siguen o que son dominados por la expedición que dirige. Es el doble del propio escritor, el “conductor de los pueblos”. [...] Mientras el héroe lucha

Os heroes da narrativa de Ramón O. P. ou o necesario compromiso co proxecto de construción nacional

para exaltar su humanidad, pidiendo para sí el reconocimiento que niega a otros, simultáneamente se enfrenta a sus semejantes para reducirlos a categoría de cosas sometidas a su voluntad... Invita u obliga a otras clases sociales o pueblos a incorporarse a su orden de la realidad, exigiéndoles que cancelen sus propios intereses e identidad (Vidal 1976: 60-61).

Esta confusión ou contradición entre destino individual e destino colectivo, intereses de clase e interese nacional, dependencia e independencia é o que caracteriza todo o discurso do americanismo romántico, segundo Vidal.

Cando moito máis tarde apareza unha nova xeración de políticos e escritores que, baixo unha ideoloxía burguesa, reactive o proxecto de construción nacional (e que moi ben se pode exemplificar na xeración de 1928 en Venezuela – para pór un exemplo concreto, na figura de Rómulo Gallegos – ou na de Ricardo Güiraldes na Arxentina), a literatura seguirá a ter unha función chave³¹ dentro dese proceso e continuarán a aparecer nela personaxes-heroes cuns trazos substancialmente coincidentes cos correspondentes á literatura do século anterior.

Unha concepción moi semellante é a que subxace na presentación das figuras dos heroes protagonistas, nomeadamente dos prototípicos fidalgos, que Otero expón na súa narrativa. Estas personaxes:

[...] son un reflexo, sublimado literariamente, dunha idea central do pensamento oteriano: a necesidade de que Galicia conte cunha élite directora dotada de autoridade e maxisterio moral que saiba entronizar co auténtico espírito galego (Quintana / Valcárcel 1988: 73).

Esta visión, de entrada, resulta clasista, pois o heroe a que corresponde a función redentora non é, con certeza, un personaxe extraído das camadas populares; é, sempre, un personaxe masculino, culto e na maior parte dos casos, como xa se dixo, tirado da fidalguía.

Con todo, non coidamos que a recorrente aparición de fidalgos (e a centralización do discurso narrativo nos

procesos por eles protagonizados) na obra do autor de Trasalba deba ser utilizada para falar de “mitificación obsesiva da fidalguía e da nobreza de sangue” (Beramendi / Núñez Seixas 1995: 108) na súa literatura, nin que se deba falar da súa suposta “concepción aristocrática dos homes”³², nin, moito menos, que este elemento, xunto co seu catolicismo, sirva para introducir unha interpretación da obra literaria de Otero Pedrayo como un discurso esencialmente tradicionalista, volcado na saudade do tempo pasado e a Tradición, en moitas ocasións subxacente no discurso crítico dunha parte dos nosos historiadores³³.

Na nosa opinión, a utilización da fidalguía en Otero Pedrayo non responde tanto a un proxecto ideolóxico sustentado en valores puramente clasistas como á necesidade de fornecer un modelo ético referencial que permitise configurar un tipo de elite³⁴ capaz de liderar o proceso de formación nacional. Concordamos con X. R. Quintana cando afirma que

Otero vai postular a existencia dunha élite paternal verbo do labrego e da dirección dos intereses do ser de Galicia. Mais, ¿quen formaría esa minoría rectora dunha Galicia proxectada cara o futuro? Sería unha élite que viñera cumprir, para os tempos presentes, a mesma función que antano cumprira a fidalguía; unha élite que formara, unha sorte de fidalguía espiritual, integrada por persoas dotadas dunha atmósfera ética e cultural, fosen ou non de procedencia fidalga. [...] Uns [...] neofidalgos que recuperaran, ben que por mecanismos distintos ós do Antigo Réxime, unha perdida hexemonía no mundo rural (Quintana 1988: 27).

A través desta proposta de creación dunha “élite paternal”, Otero cae na mesma contradición presente en toda a novela fundacional americana, tanto de corte liberal como burgués. Otero débatesse entre a necesidade de organización do proxecto nacional colectivo (non esquezamos que orientado por un espírito liberal e democrático) e a súa aposta concreta, á hora de procurar os condutores para este proceso,

Os heroes da narrativa de Ramón O. P. ou o necesario compromiso co proxecto de construción nacional

en favor de homes extraídos da elite existente naquel momento e na que el propio se inclúe.

Así pois, a modo de conclusión, podemos afirmar que a perspectiva fundacional é interesante para analizar a narrativa dun autor como Ramón Otero Pedrayo onde se achan, utilizados cun claro valor ideolóxico de tinte identitario, moitos elementos temáticos de singular valor (como o uso da historia, das relacións sentimentais, da xeografía e da paisaxe, do mapa³⁵, da relixión...), uns temas por nós definidos como ideoloxemas nacionalitarios.

Dentro destes ideoloxemas nacionalitarios cumpre un papel relevante a presentación que Otero fai dos heroes protagonistas dos seus relatos e novelas. Non sería posíbel interpretar a construción psicolóxica, moral e ética destas personaxes sen a perspectiva de consolidación dun proceso nacional que Otero ten e que emerxe con forza a través do seu discurso ficcional.

Por outra parte, polas grandes posibilidades interpretativas que abre, cremos que esta focaxe podería ser de grande rendemento crítico para estudar a obra, tanto estritamente de creación como ensaística, doutros autores do primeiro terzo do século XX na Galiza vinculados a un proxecto de construción nacional.

Notas

¹ Estes estudos literarios son debedores da importante contribución teórica de B. Anderson. Este autor, no capítulo "Los pioneros criollos" (Anderson 1993: 77-101), critica o eurocentrismo que ten pesado na visión dos historiadores e teóricos do nacionalismo e pon o acento no feito de teren sido os procesos desenvolvidos nas ex-colonias españolas de América os primeiros exemplos de afirmación nacionalitaria. Desde unha óptica xa propiamente literaria, véxase Sommer (1991) e Benítez-Rojo (1996).

² Utilizando a expresión do escritor arxentino Ezequiel Martínez Estrada (1895-1964), son "los libros que hacen los pueblos" (Aínsa 1997: 112).

³ Fernando Aínsa responde á súa propia pregunta lembrando o prototipo simbólico do ditador hispano-americano que sintetiza *El señor Presidente* de Miguel Angel Asturias ou a imaxe de “repúblicas bananeras” aplicado a certos países centro-americanos a partir de *El Papa Verde* do mesmo autor. Péñese, no noso caso, nos prototipos oterianos de fidalgos comprometidos, a súa definición xeográfica e histórica da Galiza, etc.

⁴ Numerosos estudos teñen profundizado nesa liña, relacionádoa inclusivemente con outros temas conexas (estudos sobre as mulleres, sobre minorías, razas...).

⁵ Beverly (1987); Franco (1980); Sommer (1991); Bosi (1994); Benítez-Rojo (1996); etc.

⁶ Xa o escritor e político chileno Andrés Bello (1781-1865), a pesar de insistir na importancia da poesía épica, ten claro que a novela vai ser o xénero literario máis axeitado para estes proxectos ideolóxicos porque é o xénero do seu tempo (Benítez-Rojo 1996: 419).

⁷ A modo de exemplo, abonda con lembrar como os galeguistas (ao igual que os irlandeses do *Sinn Fein*: “Nós propios”) escolleron precisamente o termo *Nós* como emblema, nun intento de subliñaren a existencia e a necesidade de autoconciencia por parte da comunidade de compatriotas galegos.

⁸ Este foi un proceso de tipo transnacional, que se desenvolveu de maneira bastante similar en todos aqueles contextos en que se estaban a producir situacións de afirmación identitaria. Na súa análise dos elementos que permitiron a creación dos elementos referenciais identitarios na Europa, ao se referir á conformación dos referentes literarios na Europa do século XIX, A. M. Thiesse di: “Les publications de littérature nationale [...] s’inscrivent [...] dans un projet éducatif visant à unir toutes les composantes sociales de la nation dans la conscience de leur communauté de destin” (Thiesse 2001: 63).

⁹ Por exemplo *Arredor de sí*, “Vidas non paralelas”, a terceira parte de *Os camiños da vida* (“O estudante”), en *Devalar* os capítulos centrados nas personaxes de M. Dumbriá e P. Fontela, ou tamén as súas obras en español: *Adolescencia* e *La vocación de Adrián Silva*. Aínda se podería incluír neste grupo, por apresentar trazos coincidentes, “Escrito na néboa”.

¹⁰ Entre os caracteres definidores do xénero pódense incluír: “a énfase que a narración pon na capacidade modeladora e formativa dos acontecementos novelescos. A intriga da historia, o anecdótico da mesma, non teñen valor por si mesmos senón en canto constitúen canle de desenvolvemento ou maduración persoal. [...] Na consideración pragmática do xénero, o *Bildungsroman* esixe da última entidade unha lectura reflexiva e mediatizada pola *ironía* propia do xénero” (Rodríguez Fontela 1996: 17). Esta autora, tras revisar as expresións europeas que foron usadas para traducir o orixinal termo

Os heroes da narrativa de Ramón O. P. ou o necesario compromiso co proxecto de construción nacional

alemán (“novela de aprendizaxe” e “novela de formación”), propón a denominación “novela de autoformación”, por considerala máis precisa” (Rodríguez Fontela 1996: 51).

¹¹ M^a A. Rodríguez Fontela sinala a significativa presenza da novela de “autoformación” na obra dos escritores galegos que, na súa opinión, en moito a ver “co recíproco proceso de alteridade-identidade das áreas hispánicas biculturais. En efecto, a pertenza a dúas culturas no seo dunha comunidade e a asunción persoal desta dobre identidade colectiva propicia que os autores se acollan ás estruturas novelísticas de autoformación, experimentadas como están na expresión dos procesos de identidade persoal e na resolución dos conflitos dramáticos que estes implican” (Rodríguez Fontela 1996: 83).

¹² Onde resulta habitual esta ligazón entre a descrición de procesos formativos e a literatura de tese. Renunciamos, xa que logo, a facer unha distinción entre o romance de tese, onde a personaxe fai o percurso da pasividade á acción porque o suxeito adquire o coñecemento doutra verdade obxectiva e totalizante, e o romance de aprendizaxe, onde o suxeito “constrúe” a verdade, “unha verdade que non existe nun antes ou nun fóra da realidade vivencial do protagonista, nen fóra da realidade textual” (Salinas 2000: 656). Algunhas referencias á relevancia do tema da formación do heroe nas literaturas emerxentes, en concreto nas literaturas africanas, pódense achar en Ferreira (1987: 159), Laranjeira (1995: 145) e Salinas (2000: 652-655).

¹³ Sen pretendernos profundizar máis neste aspecto, cómpre subliñar o relativamente elevado número de personaxes eclesiásticas que desempeñan unha función formativa ao longo da obra oteriana, tanto nas narracións situadas no século XIX (onde é frecuente a aparición de frades exclaustrados no papel de profesores e/ou titores dos fidalguiños) como das que se desenvolven no XX (co exemplo paradigmático de D. Bernaldo, o sacerdote e tío do protagonista de *Arredor de si*).

¹⁴ “Todas estas variantes semánticas que nós observamos na novela lírica de autoformación hispánica - rememoración, autoformación estética, cultivo da sensualidade, confluencia da identidade colectiva e persoal- veñen a conformar os perfís semántico-formais do *Bildungsroman*, o xénero histórico alemán que manifestou con singular transparencia a *capacidade autorreflexiva do discurso novelístico*. Desde entón o proceso polo que se canaliza a actualización desta facultade non deixou de perfeccionarse dentro de constantes canles: *interiorización crecente da historia narrada por parte do heroe, poetización do discurso novelístico, mitificación do proceso autoformativo individual, intelectualización e metaficción*” (Rodríguez Fontela 1996: 79).

¹⁵ No primeiro capítulo da novela, asistimos á conversa entre os fidalgos de Doncos, D. Caetano e Dona Xacinta, e o crego da parroquia, D. Xacobe de Castro. A demanda da fidalga dun mestre de latín para o

fillo provoca o riso no crego tradicionalista: “ - E logo, seica teima faguelo crego ou frade. ¡O maorazgo da casa de Trasouto! Endexamais tal cousa pensar da prudencia de Misia Xacinta. As letras sónlle boas pr’os fillos dos probes que non gostan do rabo da aixada e queren medrar collidos ás faldas do señorío. ¡Coitado rapaz! Nado herdeiro e fidalgo pra escacharse a testa, estudando. Vostede que estudou, D. Caetano? Cobrar as rendas, e mandar na xente. Non é, meu señor? Pra iso nasceron [...]” “ - [...] Deixa o rapáz ¡miña cousiña, que goce os dreitos do seu sangue! (OST: 20).

¹⁶ “Os dous estaban ligados por un amor común ô neno e â Rosalía. E âs vegadas falaban do seu porvir. Cada un trazaba difrentes camiños, e todos tiñan por fito un senso preciso de fidalguía” (AM: 58).

¹⁷ Cfr. OE: 36-38.

¹⁸ Véxase, por exemplo, Otero (1987b: 122-123).

¹⁹ Sobre o concepto de elite nos autores da época Nós, cfr. tamén Villares (1985: 92-93).

²⁰ Carvalho Calero (1975: 666-667); Carvalho Calero (1982: 123).

²¹ O motivo da viaxe como proceso de autoformación, seguindo un dos modelos máis recorrentes dentro do *Bildungsroman* (onde o individuo sae polo mundo para se coñecer nunha dialéctica de enfrontamento directo do *eu co mundo*), sempre se exemplifica, na literatura galega, coa viaxe de Adrián Solovio, o protagonista de *Arredor de si*. Toda esta novela é un perfecto exemplo de desenvolvemento deste motivo literario (que, á súa vez, é chave estruturante da novela), pois o protagonista, tras unha traxectoria de indefinicións, dúbidas e procura (representada por medio dunha viaxe no espazo que é tamén unha viaxe interior), acada a resposta na súa identificación con Galiza. Un estudo exhaustivo sobre *Arredor de si* como novela de autoformación pode acharse en Rodríguez Fontela (1996: 215-240). Sobre este aspecto cfr. Martínez Pereiro (1987) e (1988b); Mato Fondo (1998: 49-53). Con todo, a utilización deste motivo da viaxe, con valor de iniciación e/ou formación, non se circunscribe a esta novela senón que aparece constantemente ao longo de toda a obra narrativa do autor de Trasalba: no conto “Dona Xohana e don Guindo”, incluído en *Contos do camiño e da ría*, na viaxe a Carral de D. Adrián e Paio Soutelo na terceira parte de *Os camiños da vida*, etc.

²² Neste punto, resulta conveniente reflectir sobre quen compuña o público lector a quen Otero se dirixía. Por moi diferentes circunstancias, ligadas tanto ao contexto sociocultural galego de principios do século XX (alto grao de analfabetismo, escasa escolarización...) como ás características do mercado editorial dos libros en galego (reducidísimas tiraxes, escasa difusión...), este público lector era, por definición, restrinxido. E era ese público, numericamente pequeno, mais importante do punto de vista cualitativo (pola súa cualificación e prometedora influencia social), o destinatario para quen Otero escribía,

Os heroes da narrativa de Ramón O. P. ou o necesario compromiso co proxecto de construción nacional

pirando a que as súas novelas contribuísen a formar unha nova elite e, á súa vez, desenvolvería un labor pedagóxico de tipo multiplicador, difundir máis extensamente o ideario de construción nacional. Unha situación moi semellante, en canto á transmisión a través da narrativa a unha proposta de formación dunha elite política, é a que se produce, nos mesmos anos que na Galiza, na Venezuela de Rómulo Gallegos. Sobre isto, véxase Beverly (1987: 112-113).

O narrador inclúe unha reflexión moi interesante presentada a modo de descripción do carácter e pensamentos da figura feminina central de *Os camiños da vida*: “D^a Ramona no fondo do seu ser e sin poder apreciarlo tiña unha outa concéncia do valore da xente labrega apesar de coñecer ben as trangalladas e os contos que fan noxenta a supreficie a aldea. Cando lle dicían algunha falcatuada xemía por non sere come pra saír en defensa dos peisanos...” (OE: 63). Esta é unha reflexión re-ideolóxica, propia dunha persoa intelixente e observadora, mais que se fica reducida a unha intuición que non pode “explicar” porque non posúe os instrumentos intelectuais (a formación, as lecturas...) que lle permitan interpretar a situación. A función de intérpretes, na narrativa oteriana, fica tamén reservada aos personaxes masculinos.

¹ Pódese afirmar que na configuración dos heroes nacionalistas como modelos de referencia ética para os seus paisanos (e aquí cómpre termos en conta que Otero pensa que, historicamente, o pobo galego careceu totalmente deses modelos), radica unha das propostas didácticas máis claras da obra oteriana.

² Xa Rodrigues Lapa puña o acento na coincidencia entre o programa exenador proposto por Otero a través do señorito da Mirteira en *A sirena* (CCR: 17) e o que aparecía vehiculizado a través de figuras e fidalgos noutras obras do autor, en concreto, en *Os camiños da vida*, onde: “[...] há todo um programa de regeneração galeguista encarnada num homem de casta, Paio Soutelo, que ansiaba erguer a ruína a sua casa e ao mesmo tempo ‘reformar a parroquia, alomear os pobres celebros dos peisanos’” (Lapa 1958: 76). O xeito de demostrar que a fidalguía podería ter aínda algunha posibilidade de recuperar unha parte da relevancia social de outrora sería, segundo Lapa, “elevator-se pelo estudo e dedicar-se inteiramente à grandeza e felicidade da Terra. Fazendo isso, ainda poderia reconquistar parte do seu antigo prestígio” (Lapa 1958: 76).

³ En palabras de R. Carvalho Calero: “O que [Otero] quer é que se promova um espírito de substituição daquela casta que num tempo levou (e nom o fixo) orientar a vida colectiva do país, por outra casta de fidalgos no sentido espiritual, procedente de qualquer ordem, de qualquer estamento social, pero que tenha consciéncia da Terra, e que promova o seu renascimento” (Carvalho Calero 1990: 200).

⁴ Poderíase citar tamén a Adrián Solobio, o protagonista de “Escrito na néboa”, quen, aínda que de modo vago, aparece caracterizado de

xeito semellante aos anteriores (EN: 12-13). Tamén é fidalgo Xosé Ramón, o protagonista de *Adolescencia*.

²⁸ Para unha completa revisión do valor da fidalguía para Otero, así como da dicotomía “fidalguía real” versus “fidalguía ideal” na súa obra, *cf.*: Quintana / Valcárcel (1988: 67-74). En relación ao tema da fidalguía *cf.*: tamén Villares (1985: 89-97); Beramendi / Núñez Seixas (1995: 106).

²⁹ “La utopía social propuesta por los escritores románticos quedó plasmada en la metáfora de una peregrinación bíblica de los pueblos hispanoamericanos para alcanzar la Tierra Prometida” (Vidal 1976: 31).

³⁰ Un *corpo-neno* xa que carece de conciencia de si mesmo e dunha vontade propia emancipadora e construtiva, polo tanto ten de ser guiado no seu desenvolvemento por unha elite patriarcal que xunte un sentido do deber e vontade – trazo masculino ou épico – cun amor caritativo e redentor – trazo feminino ou lírico – (Beverly 1987: 101).

³¹ As novelas destes autores, cunha aparencia de costumismo, son documentos de protesto e concienciación, desenvolvidas a partir dunha alegorización maniquea entre as forzas progresistas e reaccionarias do país. Desenvolven unhas dicotomías ideolóxicas: Home/muller; espírito/corpo; cidade/campo, estado de cultura/estado de natureza; futuro/pasado; razón/instinto (Beverly 1987: 109-110).

³² “Otero Pedrayo fiña unha concepción aristocrática dos homes baseada na suposta superioridade natural e intelectual da súa clase e dos seus descendentes” (Quintana / Valcárcel 1988: 73).

³³ “O refugio do presente complementábase coa señardade do pasado e dos séculos xa idos e, en particular, da imaxe – tan cara a Otero Pedrayo – da suposta harmonía social precapitalista, da pasada hexemonía da fidalguía” (Beramendi / Núñez Seixas 1995: 106). *Cf.*: tamén Villares (1985: 93-94).

³⁴ Sobre o concepto de elite nos autores da época Nós, *cf.*: tamén Villares (1985: 92-93).

³⁵ Unha análise deste outro ideoloxema oteriano, fundamental dentro do seu discurso, pode acharse en Fernández Pérez-Sanjulián (2002).

Referencias bibliográficas

Obra de Otero Pedrayo citada

AM = Otero Pedrayo; R. (1928): *Os camiños da vida*: “A maorazga” (A Coruña: Nós).

CCR = Otero Pedrayo; R. (1932): *Contos do camiño e da rúa* (Santiago: Nós).

EN = Otero Pedrayo; R. (1927): *Escrito na néboa* (A Coruña: Lar).

Os heroes da narrativa de Ramón O. P. ou o necesario compromiso co proxecto de construción nacional

- OE = Otero Pedrayo; R. (1928): *Os camiños da vida*: “O estudante” (A Coruña: Nós).
- OST = Otero Pedrayo; R. (1928): *Os camiños da vida*: “Os señores da terra” (A Coruña: Nós).

Bibliografía citada

- Aínsa, F. (1986): *Identidad cultural de Iberoamérica en su narrativa* (Madrid: Gredos).
- _____ (1997): “Invención literaria y “reconstrucción” histórica en la nueva narrativa latinoamericana”, en Kohut, K. (ed.): *La invención del pasado. La novela histórica en el marco de la posmodernidad*: 111-121 (Frankfurt: Vervuert).
- Benítez-Rojo, A. (1996): “The nineteenth-century Spanish American novel”, en González Echeverría, R. / Pupo-Walker, E. (ed.): *Cambridge History of Latin American Literature*, 1 (Cambridge: Cambridge University Press).
- Anderson, B. (1993): *Comunidades imaginadas. Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo* (México: Fondo de Cultura Económica).
- Beramendi, J. G. / Núñez, X. M. (1995): *O nacionalismo galego* (Vigo: A Nosa Terra).
- Beverly, J. (1987): *Del Lazarillo al Sandinismo. Estudios sobre la función ideológica de la literatura española e hispanoamericana* (Minneapolis: Institute for the Study of Ideologies and Literature).
- Bosi, A. (1994) [1970]: *História concisa da Literatura brasileira* (São Paulo: Cultrix).
- Carvalho Calero, R. (1934): “A xeneración de Risco”, *Nós*, 131-132: 182-184.
- _____ (1975) [1963]: *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).
- _____ (1982): *Libros e autores galegos, séc. XX*, II (A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza conde de Fenosa”).
- _____ (1990): *Do galego e da Galiza* (Barcelona: Sotelo Blanco).
- Fernández Pérez-Sanjulián, C. (2002): “O motivo do mapa na narrativa de Ramón Otero Pedrayo”, en Fernández Roca, X. A. / Martínez López, M^a J. (coords.): *Vir bonus docendi peritus. Homenaxe a José Pérez Riesco*: 85-92 (A Coruña: Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña).
- Ferreira, M. (1987): *Literaturas Africanas de Expressão Portuguesa* (São Paulo: Atica).
- Franco, J. (1990) [1975]: *Historia de la Literatura Hispanoamericana* (Barcelona: Ariel).

- Lapa, M. Rodrigues (1958): "A idea da comunhão em Otero Pedrayo", en VV.AA.: *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*: 73-78 (Vigo: Galaxia).
- Laranjeira, J. L. Pires (1995): *Literaturas Africanas de Expressão Portuguesa* (Lisboa: Universidade Aberta).
- Matínez Pereiro, C. P. (1987): "Viaxe ao centro da Terra. Unha maneira de ler a Otero", en VV. AA. (1987): *A sombra imensa de Otero Pedrayo*: 79-84 (Vigo: A Nosa Terra).
- _____ (1988b): «A cinza quente na xiada cinza», en *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 73: 1-4 (A Coruña: Escola Dramática Galega).
- Mato Fondo, M. (1998): *A escrita da terra. Configuracións do espacio natural na literatura galega* (A Coruña: Espiral Maior).
- Otero Pedrayo, R. (1930a): *Arredor de si* (Santiago: Nós).
- (1935): *Devalar* (Santiago: Nós).
- (1944): *Adolescencia*, Buenos Aires, Nova.
- (1949): *La vocación de Adrián Silva*, A Coruña, Moret.
- (1987a) [reimp.facs. da ed. de 1930]: "Vidas non paralelas", *Nós* 76: 70-76, 77: 95-99, 78: 112-117 (A Coruña: Xuntanza).
- (1987b) [reimp.facs. da ed. de 1930]: "As sombras nais", *Nós* 67: 122-123.
- Quintana, X. R. (1988): "Otero e a fidalguía: das vaidades á renacemento", en VV.AA.: *Ramón Otero Pedrayo (1888-1988). Cen anos da cultura galega*, especial de *La Región* (5-III-1988): 27.
- _____ / Valcárcel, M. (1988): *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento* (Vigo: Ir Indo).
- Rodríguez Fontela, M^a A. (1996): *Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico* (Santiago, Xunta de Galicia / C.I.L. 'Ramón Piñeiro').
- Rodríguez Sánchez, F. (1996): "Definición, características e periodización da literatura galega", en AS-PG [Asociación Sócio-Pedagóxica Galega] (1996): *Historia da literatura galega*: 5-32 (Vigo: A Nosa Terra).
- Sommer, D. (1991): *Foundational Fictions: The National Romances of Latin America* (Berkeley: University of California Press).
- Suleiman, S. (1983): "La structure de apprenticeship. *Bildungsroman* et roman à thèse", *Poétique*, 37: 24-42.
- Thiesse, A-M. (1997): *Ils apprenaient la France* (Paris: Éditions de la Maison des sciences de l'homme).
- Vidal, H. (1976): *Literatura Hispanoamericana e Ideología Liberal: Surgimiento y Crisis (Una Problemática sobre la Dependencia en Torno a la Narrativa del Boom)* (Buenos Aires: Ediciones Hispamérica).
- Villares, R. (1985): "Fidalguía e galeguismo", en Beramendi, X. G. (ed.): *Losada Diéguez, Obra completa*: 83-97 (Vigo: Xerais).
- Villegas, J. (1973): *La Estructura mítica del héroe en la novela contemporánea* (Barcelona: Planeta).